

ACORDO POLO QUE SE DISPÓN A ACHEGA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL A FAVOR DA CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA CREAR UNHA UNIDADE TEMPORAL DE PERSOAL PARA A REALIZACIÓN DO CONTROL OFICIAL NO MATADOIRO MÓBIL

REUNIDOS

Dunha parte, Alberto Fuentes Losada, en calidade de secretario xeral técnico, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 195/2017, do 12 de xaneiro, actuando en nome e representación da Consellería de Sanidade, por delegación do conselleiro, en virtude das facultades delegadas que lle confire a Orde do 13 de maio de 2022 pola que se modifica a Orde do 22 de abril de 2020 de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, publicada no DOG número 102 do 30 de maio.

Doutra, Don Silvestre José Balseiros Guinarte, en calidade de director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias de acordo co seu nomeamento polo Decreto 127/2020, do 10 de setembro, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, por delegación do conselleiro, en virtude das facultades delegadas que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015, publicada no DOG número 223 do 23 de novembro.

Os reunidos recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar o presente acordo e para o efecto



EXPOÑEN

PRIMEIRO.- En Galicia existen un gran número de pequenas explotacións gandeiras con sistemas de crianza tradicional e extensiva que xeran produtos dunha enorme calidade, moitas delas ás veces de escasa rendibilidade, e que están en zonas de montaña e afastadas dos grandes núcleos de poboación, preto dos cales se asentan na maioría das ocasións os matadoiros e industrias cárnicas.

A Consellería do Medio Rural, no marco das súas competencias de desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control das producións gandeiras, e co obxecto de atender estas demandas e necesidades, decidiu desenvolver un proxecto piloto consistente no establecemento dun servizo de matadoiro móbil. Para desenvolver este servizo a Consellería adquiriu unha unidade móbil de sacrificio, que se desprazará ata as explotacións que demanden o servizo, ou o máis preto posible delas, en rutas deseñadas en función dos avisos que realicen as persoas produtoras.

SEGUNDO.- Para realizar o control oficial no matadoiro móbil, resulta necesario dotar a esta unidades de persoal inspector de Saúde Pública de Matadoiro baixo a dependencia da Consellería de Sanidade.

Tendo en conta que a Consellería de Sanidade non ten a posibilidade de dotar deste persoal para realizar a inspección oficial no matadoiro móbil a través dos postos dispoñibles na Relación de Postos de Traballo, requírese a constitución dunha unidade temporal de persoal formada por dúas persoas veterinarias cuxa vixencia temporal coincidirá coa do proxecto piloto, sendo a previsión deste de 30 meses, entre o 1 de xullo de 2023 e o 31 de decembro de 2025.



TERCEIRO.- A unidade temporal de persoal terá as retribucións acordes ao establecido no acordo para a ordenación e mellora da prestación de servizos veterinarios oficiais no ámbito da Xunta de Galicia asinado o 31 de outubro de 2008 e será financiada pola Consellería do Medio Rural.

De conformidade co exposto, formalizan o presente acordo en base ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- A Consellería do Medio Rural instará a correspondente modificación orzamentaria para situar nos orzamentos da Consellería de Sanidade a contía de 56.361,97 € correspondente ao custo das retribucións ao persoal mais o custo da Seguridade Social da unidade temporal de persoal en 2023.

A baixa de crédito farase con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.713C.640.1 e no proxecto 2020.00054 "Implantación do servizo de matadoiro móbil"

SEGUNDA.- A Consellería de Sanidade, contará para a creación da unidade temporal no exercicio orzamentario de 2023 coa cantidade de 56.361,97 €, para o cal tramitará a correlativa ampliación de crédito nas aplicacións 12.02.413A.120.00 e 12.02.413A.160.00 , no proxecto 2016.00161.

TERCEIRA. – Para os exercicios 2024 e 2025 o custo da dita unidade temporal figurará nos créditos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma correspondentes á Consellería de Sanidade, financiándose coa minoración do crédito na aplicación orzamentaria 14.04.713C.640.1 e no proxecto 2020.00054 "Implantación do servizo de matadoiro móbil" da Consellería do Medio Rural.



En proba de conformidade asínase o presente acordo polas partes relacionadas no encabezamento do presente escrito na data consignada nas sinaturas electrónicas.

